



Concello de Sarria

O Sr. Alcalde-Presidente, con data 11/07/2019, asinou o seguinte decreto:

“DECRETO DE ALCALDÍA

DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE SARRIA

De conformidade co disposto nos artigos 23 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 65 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, pola presente resolvo:

1º.- Que a Xunta de Goberno, Presidida por esta Alcaldía, estará integrada por cinco Concelleiros, número non superior ó terzo do número legal dos mesmos, e que son os que a continuación se indican:

- REYES ABELLA GARCÍA
- PEDRO ANTONIO LÓPEZ QUIROGA
- MARÍA EUXENIA VALCARCEL LÓPEZ
- BENJAMÍN ESCONTRELA DÍAZ
- M^a ELENA REAL RODRÍGUEZ

2º.- A Xunta de Goberno terá asignadas as seguintes atribucións:

a).- Asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b).- As atribucións que expresamente esta Alcaldía lle delega, e que a continuación se expresan:

- Autorizar e dispoñer gastos, aprobar facturas cando o seu importe supere os 40.000 € (ive excluído), salvo aquelas que se refiran a pagos de nóminas, amortizacións de préstamos, subministros periódicos e demais de trato sucesivo, cuxo pago será acordado e ordenado pola Alcaldía calquera que sexa a súa contía (artigo 21.f) da Lei 7/85 e artigo 41.17 do R.D. 2.568/86).
- As competencias como órgano de contratación dentro das contías atribuídas aos Alcaldes respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere os 40.000 euros (IVE excluído) incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada na DA Segunda 1), referido aos recursos

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. (Apartado 1) da Disposición Adicional Segunda da LCSP).

- As competencias dentro das contías atribuídas aos Alcaldes para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, IVE excluído superen os 40.000 euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a contía indicada (Apartado 9) da Disposición Adicional Segunda da LCSP).
- Concesión de subvencións que superen os 40.000 euros (artigo 21.f) da Lei 7/85, e artigo 41.17 do R.D. 2.568/86).
- Aprobación dos instrumentos de desenrolo do Planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización (artigo 21.j) Lei 7/85).
- Expedición de certificación e informes urbanísticos (artigo 21.s) da Lei 7/85)
- Resolución de expedientes de solicitude de licencias, urbanísticas e de actividades e apertura de establecementos, en xeral, incluídas as licencias de obras e instalacións, as súas prórrogas, as de primeira utilización de edificios, e os parcelamentos urbanísticos, así como as terrazas ao aire libre vinculadas a establecementos de hostalaría, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local (artigo 21.q da Lei 7/85 e artigo 41.9 do R.D 2568/1986)
- Tramitación de expedientes de ruína, de protección da legalidade urbanística e sancionadores por infracción da Lei 2/2016 que sexan de competencia municipal.
- Declaracións de ineficacia das comunicacións previas relativas á execución de obras así como ao inicio de actividades ou apertura de establecementos, tramitados ao amparo do establecido na Lei 2/2016 do solo de Galicia e a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e os seus Regulamentos.
- Tramitación de expedientes sancionadores por infracción das Leis 9/2013 e 10/2017 que sexan de competencia municipal.
- Solicitudes de devolución de fianzas impostas por este órgano colexiado.
- Ocupacións e aproveitamentos en vía pública en xeral, incluídos os voos, con materiais de construción, guindastres, estadas, plataformas

Concello de Sarria



Concello de Sarria

elevadoras, colectores de entullos e valados, así como con terrazas vinculadas a actividades de hostalaría.

- Resolución de expedientes de vehículos destinados ó servizo público, e que comprenderán:
 - Concesión de licenzas municipais para prestación do Servizo de Transporte con vehículos da Clase C) Vehículos Especiais ou de abono, tales como vehículos sanitarios (ambulancias) e Coches Fúnebres, de conformidade co previsto no R.D 763/1979, de 16 de Marzo, polo que se aproba o “Regulamento Nacional de los Servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros”, así como as transmisión da titularidade das citada licenzas e substitución de vehículos adscritos ás mesmas.
 - Transmisión da titularidade de licenzas municipais de taxi, así como substitución dos vehículos adscritos ás mesmas e outorgamento de autorización de prestación do servizo mediante condutores asalariados, de conformidade co previsto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de “Transporte Público de persoas en vehículos de turismo de Galicia”, e Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o “Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia”.
- Aprobación de proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto (artigo 21.o) da Lei 7/85)
- Autorizacións de enganches en redes de servizos (artigo 21.q) da Lei 7/85 e 41.9 R.D. 2.568/86).
- Aprobación de liquidacións de ingresos e padróns de exaccións, concesión de exencións e bonificacións.
- Tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial derivados das actuacións deste órgano, execución das sentencias ditadas e demais procedementos xudiciais dimanantes dos propios acordos.

c).- As demais que expresamente lle atribuían as leis a Xunta de Goberno.

3º.- A Xunta de Goberno celebrará sesión constitutiva o próximo día 17 de xullo, as 9:15 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e celebrará sesión ordinaria os mércores cada quince días, as 9:30 horas, e en caso de que coincida festivo celebrárase o día anterior á mesma hora, sendo a primeira sesión ordinaria o día de xullo, as 9:30 horas.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

4º.- Durante o período estival dos meses de xullo e agosto, a Xunta de Goberno Local non celebrará sesións ordinarias, sendo substituídas estas polas extraordinarias que sexan precisas.

5º.- Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente os designados e publicarase no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partires do día seguinte o da presente resolución, conforme se indica no número 64.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986.”

O Secretario,

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)